

IMPORTANTE

Cando se obtén o título de bacharelato?

Unha vez acabado o segundo curso de bacharelato e sempre que...

- o Será necesario ter **aprobadas todas as materias** dos dous cursos de bacharelato.
- o **Excepcionalmente**, o profesorado poderá decidir a obtención do título por un estudante que superase todas as materias do bacharelato **agás unha**, sempre se cumpran **todas** estas condicións simultaneamente:
 1. Que o profesorado considere que alcanzou as competencias e obxectivos do bacharelato.
 2. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada polo alumno/a na materia.
 3. Que o alumno/a se presentou aos exames e realizou todas as actividades necesarias, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 4. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias do bacharelato sexa igual ou superior a cinco (incluída a materia non superada).